



TRECE PARROQUIAS

INFORMACIÓN MUNICIPAL
DO CONCELLO DE TEO

ABRIL 2022 | VOCEIRO Nº 69



UNHA APOSTA POLA REHABILITACIÓN

Este programa financiado con fondos europeos, que busca a rehabilitación sostible e a eficiencia enerxética, seleccionará os mellores proxectos tomando como base os criterios de calidade, solidez, gobernanza, enfoque integral, innovación e oportunidade. As actuacións de rehabilitación están financiadas con axudas que oscilan entre o 100 e o 85% de financiamento, segundo o tipo de actua-

O edificio histórico que acolle a escola de Cacheiras, sede dun colexio do CRA de Teo, e o pavillón municipal dos Tilos optan a ser seleccionados no Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos da administración local (PIREP)

cións, pero non posibilitan ampliacións ou novas construcións. Cada concello de menos de 20.000 habitantes pode solicitar un máximo de dúas axudas e para intentar ser elixidos neste proceso de concorrencia competitiva, seleccionáronse para a elaboración dos anteprojectos os estudos Arrokkabe Arquitectos no caso da escola de Cacheiras e Villacé y Cominges para o pavillón dos Tilos.

sumario

Melloras no transporte público
P. 2

Centro de saúde na Ramallosa
P. 3

A Carreira Batalla de Caheiras
P. 4-5

Carballos de Francos e solicitudes de engancho de auga
P. 6

Recollida de fondos Ucraína e Teo asume a presidencia de Alingua
P. 7

Axenda
P. 8

MELLORAS NO TRANSPORTE PÚBLICO

Estes días estanse a desenvolver as obras do proxecto de mellora das marquesiñas, información de horarios na web municipal e accesibilidade universal ás paradas

Conta cun orzamento base de licitación de 215.232,17 € financiado con fondos europeos a través do IDAE. O proxecto inclúe a instalación de 23 novas marquesiñas e a colocación de 44 monólitos de sinalización vertical cos correspondentes horarios.

Instalarase in-

formación actualizada na totalidade das paradas do transporte metropolitano e na web municipal e, ademais, actuarase na mellora da accesibilidade ás paradas prioritarias mediante execución de novos pavimentos, zonas reservadas de autobús, execución de pavimentos podotáctiles, etc., segundo o seu estado.



HORARIOS NA WEB

O Concello ten neste momento os horarios das liñas de transporte de persoas vaixeiras colgados na web, premendo nun bñer que aparece na porta principal cando entras en teo.gal.

A presentación dos horarios fíxose por parroquias recollendo os horarios de cada parada ao consideralo o xeito máis cómodo para a persoa usuaria. Con este novo proxecto esta información na web

municipal vai aparecer cun novo deseño máis moderno e usable. A idea é que estes datos sexan accesibles e cómodos á hora de poder planificar a túa viaxe en bus.

A Xunta, responsable das liñas de transporte, dispón da web bus.gal na que tamén se poden consultar os horarios e liñas dende as paradas existentes.



CENTRO DE SAÚDE NA RAMALLOSA

O alcalde, Rafael Sisto, e os voceiros de todas as forzas políticas mantiveron unha xuntanza co conselleiro de Sanidade, Julio Comesaña, na que se acadou o compromiso de garantir un novo centro de saúde na Ramallosa

A conclusión principal do encontro foi o compromiso por parte da Xunta de facer viable o novo centro de saúde programado para Teo, na Ramallosa, unha situación que se considera central e axeitada para atender a gran parte da poboación teense. O Concello conta xa nesta localización cos terreos que permitirían esta construción e está en condicións de facer esa cesión á Xunta para que os traballos de deseño do novo centro continúen a tramitación. Con respecto ao debate que se ten xerado nas últimas semanas sobre o mantemento do centro de saúde dos Tilos, dende o Concello agradécese “a postura da Xunta, que entende a necesidade de manter aberto o centro dos Tilos”.



NOVOS SERVIZOS

A nova instalación incrementará os servizos actuais tanto en medicina como en pediatría e enfermaría. Ademais terá consulta de farmacia, área bucodental con 2 consultas, 3 consultas polivalentes para a realización de técnicas, sala de educación sanitaria, 1 despacho de coordinación e sala de atención ás persoas usuarias.



O DÍA 23 DISPÚTASE UNHA NOVA EDICIÓN DA CARREIRA **BATALLA DE CACHEIRAS**

O 23 de abril Teo volve a realizar a Carreira Pedestre Batalla de Cacheiras recuperando o percorrido previo á pandemia. Deste xeito a carreira absoluta terá unha ruta de 9 quilómetros dende a reitoral de Bamonde ata o alto de Montouto, na Pena Escorredia. As inscricións, tanto nas probas para escolares coma na proba absoluta, fanse a través da web www.emesports.es ata o martes



19 de abril ás 23:59 horas.

Carreira absoluta

A carreira para as categorías júnior sub 20, promesa sub 23, sénior e máster competirán na proba absoluta ás 17:30 h. A entrega de premios será ás 19:00 horas.

Probas escolares

As probas escolares serán no lugar da Torre, no espazo do parque enriba da autovía.



CARREIRA	HORA	CATEGORÍAS	DISTANCIA
ESCOLARES (Sábado 23)	10:30	PARTICIPANTES CON ACOMPAÑANTE (PROBA NON COMPETITIVA)	150 m. aprox. (1 volta ao circuito vermello)
	10:40	SUB 6 (PROBA NON COMPETITIVA)	
	10:45	SUB (Prebenxamín)	
	11:00	SUB 8 (Prebenxamín)	300 m. aprox. (2 voltas ao circuito vermello)
	11:15	SUB 10 (Benxamín)	
	11:30	SUB 12 (Alevín)	1.100 m. aprox. (1 volta ao circuito amarelo)
	11:45	SUB 14 (Infantil)	1.400 m. aprox. (1 volta ao circuito verde)
	12:05	SUB 16 (Cadete) - SUB 18 (Xuvenil)	2.800 m. aprox. (2 voltas ao circuito verde)
	12:45	ENTREGA DE TROFEOS PROBAS ESCOLARES	
ABSOLUTA (Sábado 23)	17:30	SUB 20 - SUB 23, SENIOR E MÁSTER	9.000 m. aprox.
	19:00	ENTREGA DE TROFEOS PROBA ABSOLUTA	

As inscricións na web www.emesports.es



RUTA DRAMATIZADA COS QUINQUILLÁNS

Turismo programa para o domingo 24 unha ruta dramatizada pola ruta da Batalla de Cacheiras. A proposta é unha andaina dende Bamonde ata o miradoiro de Montouto, nun percorrido coma o da carreira. Neste caso será o domingo dende as 10:00 horas e as persoas camiñantes estarán acompañadas da compañía Os Quinquilláns, que farán varias paradas e debullarán parte deste acontecemento histórico. A inscrición nesta actividade hai que facela entrando en turismo.teo.gal, no apartado de Actividades.





Foto: @paisaxesgalegas

NOVOS CARBALLOS EN FRANCOS

A área de Servizos Básicos vén de realizar unha plantación de seis novos carballos na Carballeira de Francos. Segundo explica o concelleiro, Ignacio Iglesias, “plantamos seis exemplares de tres metros de altura aproximadamente”

Buscáronse colocacións distintas dentro do espazo público da carballeira e agora toca ver como medran e como conviven cos usos tradicionais desta zona, prin-

cipalmente coa celebración da feira do San Martiño, o 11 de novembro. De feito nestes días retirouse un exemplar de carballo que estaba morto. O Concello traballa tamén nun plan para erradicar as acacias que están nunha das entradas ao tratarse de especies invasoras. Ademais, dende a Alcaldía buscábase mercar leiras privadas neste espazo singular de Teo para poder dotalo dunha maior protección da que ten nestes momentos.

SOLICITUDE DE ENGANCHE DE AUGA

As obras previstas no POS 2022 prevén actuacións de asfaltado en varias zonas do Concello. Dende Augas de Teo recoméndase que a veciñanza destes núcleos, se queren realizar o enganche ao servizo de abastecemento ou saneamento o fagan o antes posible. Deste xeito os traballos faríanse antes das obras e a reposición quedaría axeitada.

As obras previstas

- Reurbanización do núcleo de Cachóns en Oza.
- Acondicionamento do viario na Póboa.
- Mellora da vía en Castres e Ferros.



CONTACTO CON AUGAS DE TEO

Para facer as solicitudes de enganche hai que pedir cita en Augas de Teo. O servizo ten atención presencial os luns, mércores e venres de 09:00 a 13:00 horas, pero sempre con cita. Pódese pedir nos seguintes números: 981 803 981 ou 628 779 066 (tamén por Whatsapp).

Non se darán citas por correo electrónico.

RECOLLIDA DE FONDOS

A rapazada do Fopia (Foro de Participación da Infancia e Adolescencia de Teo) impulsa unha recollida de fondos para Ucraína. Contan coa colaboración de empresas e entidades nas que instalaron unha hucha nas que se poderán facer as entregas

Puntos de recollida: librerías, farmacias, entidades deportivas e culturais, comunidade educativa de Teo e Servizos Sociais.

Os fondos recadados serán ingresados na conta bancaria de ACNUR.




TEO ASUME A PRESIDENCIA DE ALINGUA

Teo asume a presidencia de Alingua, Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega, xunto con outros 17 concellos galegos. A organización xorde para darlle resposta aos múltiples retos de futuro que o galego debe afrontar e dende o eido local e trata de facelo fomentando a cooperación entre institucións locais e o traballo en rede.



AXENDA



ABRIL 2022

MARTES

Servizo de asesoramento sobre a factura eléctrica
De 10:00 h. a 12:00 h.
na Casa do Concello

VENRES

Mercado de Cacheiras

SÁBADOS

Mercado do Alimento
Labrego nos Tilos

SÁBADOS DE ABRIL

Reparto de líquido para o trampeo contra a velutina na nave de Protección Civil en Lucí de 09:00 h. a 14:00 h. A entrega é de balde, se ben só se realizará a persoas empadroadas en Teo.



Sinala as actividades que che interesen

2 SÁBADO
18:00 h.



ESCAPE ROOM ELAS. Para todos os públicos. Auditorio da Ramallosa. Inscripción en teo.gal.

3 DOMINGO
18:00 h.



EXCURSIÓN DE MULLERES A RIBADA VIA. Inscripción en teo.gal.

9 SÁBADO
17:00 h.



TALLER DE CONSTRUCCIÓN DUN ROBOT CON LEGO. Dirixido á mocidade. Casa Común de Rarís. Inscripción en teo.gal

10 DOMINGO
10:00 h.



RUTA DO RÍO TINTO. Ás 10:00 horas na Casa Común de Francos. Inscripción en teo.gal a partir do 1 de abril.

23 SÁBADO



CARREIRA BATALLA DE CACHEIRAS

• INSCRICIÓN.

Ata o martes 19 de abril ás 23:59 horas.

No formulario de inscrición en liña presente na web www.emesports.es (única forma de inscrición).

• **CARREIRAS ESCOLARES** (de sub 6 ata sub 18).

• **CARREIRA ABSOLUTA** (Júnior sub 20, promesa sub 23, sénior e máster).

• LUGAR

• **ESCOLARES NO LUGAR DA TORRE.** (PARQUE ENRIBA DA AUTOVÍA).

• **PERSOAS ADULTAS:** ITINERARIO DA BATALLA DE CACHEIRAS CON SAÍDA EN BAMONDE E META NO CUMIO DE MONTOUTO.

• HORARIOS

Carreiras dos escolares de 10:30 a 12:45 (entrega de premios).

Carreira absoluta ás 17:30 e entrega de premios ás 19:00 horas.

24 DOMINGO
10:00 h.



RUTA GUIADA TEATRALIZADA DA BATALLA DE CACHEIRAS. Bamonde. Inscripción en turismo.teo.gal

26 MARTES
10:00 a 13:00 h.



ASESORÍA AMBIENTAL. Aula de informática municipal. Atención sen cita previa.

30 SÁBADO
11:00 h.



ACTIVIDADE DE APEGO. OBRADOIRO DE HORTA. No Mercado do alimento labrego. Dirixido a familias con crianzas de ata 6 anos. Inscripción en teo.gal

30 SÁBADO
11:30 h.



ESCOLA DE FAMILIAS. Sesión dirixida ás familias con alumnado en 6º de Primaria. Auditorio da Ramallosa. Inscripción en teo.gal

30 SÁBADO
16:30 h.



ESCOLA ECOLOXISTA. Colaxe sobre os cambios na paisaxe. Actividade para rapazada de 10 a 18 anos. Inscripción en teo.gal